



**ANPE LAMENTA PROFUNDAMENTE A OPORTUNIDADE PERDIDA PARA ACADAR O GRAN PACTO DE ESTADO POLA EDUCACIÓN QUE DEMANDA A SOCIEDADE E PROPÓN A BUSCA DE ACORDOS QUE PERMITAN PÓR EN PRÁCTICA MEDIDAS DE MELLORA DO SISTEMA EDUCATIVO**

**ANPE** traballou moito pola consecución deste pacto, presentando propostas concretas e trasladando ó ministerio de Educación a voz do profesorado.

**ANPE**, consciente do momento difícil que vive a sociedade española, da importancia da educación para configurar o futuro e da necesidade de adoptar medidas urxentes para paliar o fracaso escolar - e tras unha valoración crítica - estivo disposto a apoiar o documento proposto para o pacto de Estado. Porén, a falta de acordo entre as organizacións políticas e sociais deixou sen efecto a posibilidade de asinar un gran pacto e tal vez debamos conformarnos con subscribir acordos de mellora do sistema educativo. Estes acordos deben contemplar as medidas contidas no documento proposto polo ministerio.

O documento presentado como proposta de pacto contén un conxunto de medidas que, de desenvolverse convenientemente, posibilitan a introdución de melloras no sistema educativo. Son medidas que se corresponden con reivindicacións de **ANPE**: a valoración do rigor, a excelencia e o esforzo - mencionados expresamente e relacionados tamén cos procesos de avaliación dos alumnos -, o carácter orientador do 4º curso de ESO, con dúas modalidades abertas ao bacharelato e á formación profesional, o inicio máis temperán dos programas de cualificación profesional inicial, o aumento do peso específico da formación profesional, os cambios previstos para o modelo de dirección, o aprofundamento na autonomía dos centros, entre outras, son medidas positivas que - como **ANPE** veu sinalando desde fai moito tempo - deben levarse a efecto co acordo dos axentes sociais. Non



obstante o documento aínda está lonxe de sentar as bases da reforma do modelo LOGSE. Ademais, omite aspectos moi importantes relacionados coa vertebración e cohesión do sistema educativo: ensinanzas mínimas comúns e garantía do dereito á lingua común en todo o Estado, e mantemento do carácter estatal dos corpos docentes.

En relación co profesorado, interese básico de **ANPE**, o documento inclúe varias medidas importantes: a elaboración dun Estatuto Docente cunha data de inicio do proceso pechada – por esixencia de **ANPE** - a 1 de xuño de 2010, o desenvolvemento da carreira docente ou a posibilidade de prorrogar a xubilación LOE polo menos ata a sinatura do Pacto de Toledo. Contén tamén unha mención expresa ao reforzo da autoridade moral, académica e profesional dos docentes – punto clave das reivindicacións de **ANPE** - que nos permitirá seguir incidindo no recoñecemento da consideración do docente como autoridade pública.

Desde **ANPE** instamos á responsabilidade política das administracións educativas para que leven a efecto estas medidas con acordos puntuais e efectivos. O índice de fracaso e abandono escolar e a situación do profesorado no noso país son problemas que requiren actuacións urxentes.

Nestes momentos, non nos cabe senón lamentar profundamente que siga sendo imposible a sinatura dun gran pacto político pola educación. En calquera caso, **ANPE** seguirá traballando por lograr un acordo social e manterá con firmeza as súas reivindicacións en prol da mellora do sistema educativo, das condicións laborais dos docentes e da súa consideración social.

**ANPE**, Secretaría de Comunicación, 7 de maio de 2010.